

ANPA BREA SEGADE



Unha asociación de todxs

Somos unha asociación sen ánimo de lucro formada de xeito voluntario por nais e pais que traballamos en colaboración coa escola para garantir unha formación de calidade e fomentar a participación das familias na vida e na xestión do centro.

A túa aportación conta

Estes son algúns exemplos do labor que realizamos grazas á túa aportación como socix:

- ✓ Informamos e asistimos ás familias en todo o relacionado coa educación das súas crianzas.
- ✓ Participamos no Consello Escolar do centro e no Municipal, defendendo os intereses colectivos das familias.
- ✓ Velamos polo cumprimento das condicións necesarias para unha educación de calidade, efectuando as reclamacións necesarias aos órganos que correspondan.
- ✓ Organizamos e xestionamos o servizo de comedor e actividades extraescolares para facilitar a conciliación familiar e laboral.
- ✓ Organizamos actividades educativas e colaboramos nas que nos propón o centro.
- ✓ Formamos parte da Federación Provincial das ANPA de A Coruña, integrada á súa vez na CONFAPA de Galicia e na CEAPA a nivel estatal.

Faite socix

Para inscribirte como socix da ANPA ou renovar a afiliación antes do inicio de curso, só tes que:

- 1 Cubrir e asinar o formulario de alta e renovación (atoparalo no apartado **Formularios** da sección da ANPA na web escolar, ou ben en conserxería durante a primeira semana de setembro).
- 2 Aboar a **cota anual de socix** correspondente, **de 20€ por unidade familiar**, na conta da ANPA que figura no formulario. Non esquezas indicar como **concepto** o nome e curso da(s) túa(s) crianza(s) e solicitar o **xustificante do pagamento**.
- 3 Facernos chegar o **formulario de alta e renovación xunto co xustificante de pagamento** ao enderezo electrónico **anpa.cep.brea.segade@edu.xunta.gal**, ou ben depositar ambos na caixa do correo á entrada da escola. **Precisamos os dous para poder darte de alta**. A **data límite** de inscrición e pagamento será o **primeiro venres de setembro**.

Como socix, terás prioridade de acceso ao servizo de comedor e de extraescolares organizadas pola ANPA e non pagarás os gastos de matrícula e xestión.

Para informarte e falar connosco

- 📍 Na escola: R/ Campo de Maneiro, 43, 15985, Taragoña. Acude ás asembleas, coméntanos o que queiras en persoa ou déixanos unha nota na caixa do correo.
- 🗨️ Entra no grupo de Whatsapp ANPA BREA SEGADE (autorízanos para incluírte).
- ✉️ Envíanos un correo: **anpa.cep.brea.segade@edu.xunta.gal**
- 🌐 Visita a **sección da ANPA na web escolar**, baixo o epígrafe Espazo das familias: **<https://www.edu.xunta.gal/centros/cepbreasegade>**
- 📱 Séguenos en **Facebook: [Anpa Brea Segade](#)** e **Instagram: [@anpabreasegade](#)**.